

MARÉ

AUTORES ■ Será na Cea das Letras, na que se honrarán tamén os consellos directivos da AELG

O sábado entréganse os Premios dos escritores

O vindeiro sábado, 17 de abril, celebrarase no Hotel Palacio del Carmen en Compostela a Cea das Letras, na que se entregarán os Premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Con estas distincións, os escritores galegos recoñecerán a mellor obra publicada no 2009 en cada seu xénero: Ensaio, Literatura Infantil e Xuvenil (en colaboración con Gáliz), Poesía, Narrativa, Tradución (en colaboración coa Asociación Galega de Tradutores), Teatro e Traxectoria Xornalística (que premiará o autor coa mellor

traxectoria xornalística do 2009, e para cuxa elección se contará cos votos dos/as membros do Colexio de Xornalistas), e o blog literario. Igualmente, entregarase o Premio AELG para Institucións, que nesta edición levará o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Aproveitarase a ocasión para facerlles un acto de recoñecemento aos consellos directivos da AELG ao longo destes xa 30 anos de existencia. Entre os finalistas, o máis rifado será o de Traxectoria xornalística, onde compiten dous colaboradores habituais de GALICIA

HOXE: Fran P. Lorenzo –sinatura habitual dos xoves e nome xa clásico do periodismo cultural– e Anxo Tarrío, sinatura da contraportada dos mércores e un dos críticos literarios con maior prestixio en Galicia.

Canda eles, figuran outros seis finalistas, encabezados por Ana Romaní, directora do programa da Radio Galega Diario Cultural e Xosé Manuel Pereiro, presidente do Colexio de Xornalistas e lúcido cronista da actualidade galega. Completan a lista Belén Regueira, Bieito Iglesias, Lino Braxe e Manuel Rivas, o máis admirado xornalista e escritor do país.

Tamén de máxima competencia se presenta o apartado de blogs literarios, onde foron finalistas os grandes facedores deste soporte, como Manuel Bragado, ou Santiago Jaureguizar, xunto a Alfredo Ferreiro Francisco Castro ou Marcos Valcárcel. ● REDACCIÓN